

RESOLUCIÓN DA XERENCIA DA FUNDACIÓN ROF CODINA M.P., POLA QUE SE CONVOCA O PROCESO DE PROVISIÓN DO POSTO DA XEFATURA DE SERVIZO DE DIAGNÓSTICO POR IMAXE DO HOSPITAL VETERINARIO ROF CODINA

O Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina é un servizo con entidade propia dentro da organización do Hospital, xa que, non só realiza probas diagnósticas de imaxe a pacientes doutros servizos do HVU-RC, como os de Cirurxía ou Medicina Interna, tamén actúa como un servizo externo ao que as diferentes clínicas e hospitais veterinario da contorna, que non teñen os medios técnicos e humanos necesarios, remiten os seus pacientes para a realización de probas. Isto fai que, para a súa organización propia e para a coordinación co resto de servizos, se precise dunha persoa que exerza a Xefatura do Servizo para realizar tarefas de dirección do persoal do servizo, organización de quendas, supervisión da axenda, coordinación co resto de servizos do HVU-RC, contacto con clínicas e hospitais que refiren casos, supervisión do estado de mantemento do equipamento técnico, contacto con provedores de materiais e equipamentos veterinarios necesarios para o servizo, entre outras.

Actualmente, o posto de xefe/a do Servizo de Diagnóstico por Imaxe está vacante por xubilación, polo que ao abeiro dos motivos expostos, precísase darlle cobertura para garantir unha axeitada organización da área.

Por conseguinte, a Xerencia da Fundación Rof Codina M.P., facultado polo acordo do Padroado de 29 de setembro de 2022, de outorgamento de poderes, resolve convocar o concurso de méritos para a provisión do posto de traballo da Xefatura do Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), de acordo coas seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

Primeiro. Obxecto

O obxecto da presente convocatoria é a provisión do posto de Xefatura de Servizo de Diagnóstico por Imaxe do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (en adiante, HVU-RC).

Segundo. *Requisitos e condicións de participación das persoas aspirantes*

Poderá participar no concurso de méritos o persoal docente e investigador permanente da Facultade de Veterinaria ou persoal laboral fixo da Fundación Rof Codina.

Todos os requisitos e méritos estarán referidos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Terceiro. *Procedemento e tramitación*

A presentación das solicitudes para participar no concurso realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na web da Fundación Rof Codina: <https://rofcodina.org/gl/inicio-gl/>.

A documentación que debe achegarse coa solicitude presentarase electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte da publicación da presentes bases da convocatoria.

Cuarto. Documentación que debe acompañar a solicitude

As persoas aspirantes deberán achegar xunto coa súa solicitude a seguinte documentación, que deberá presentarse de acordo cos criterios establecidos na base sétima:

- 4.1. Relación de actividade clínica da persoa aspirante.
- 4.2. Unha memoria de organización e planificación do servizo.
- 4.3. Currículo da persoa aspirante.

Quinto. Admisión de aspirantes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes publicárase a listaxe provisional de admitidos e excluídos do proceso de provisión do posto na páxina web da Fundación Rof Codina.

As persoas concursantes excluídas ou que non figuren na relación de admitidas, dispoñen dun prazo de tres días hábiles, a contar dende o día seguinte ao súa publicación, para emendar os defectos que motivaron esa exclusión ou a súa omisión.

Unha vez examinadas e resoltas as reclamacións, publicárase a listaxe definitiva de persoas admitidas ao proceso.

Sexto. Comisión avaliadora dos méritos

6.1. A composición da comisión avaliadora dos méritos presentados polas persoas aspirantes será a seguinte:

- Presidente: Antonio Cantalapiedra González, Director Veterinario do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.
- Vogal: María Luisa Suárez Rey, xefa do Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina.
- Secretario: Germán Santamarina Pernas, profesor vinculado do Servizo de Medicina Interna do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina, que actuará con voz e voto.

6.2. Os seus membros deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.

6.3. A pertenza será sempre a título individual e non se poderá exercer en representación ou por conta de ninguén.

6.4. Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso.

6.5. A partir da súa constitución, a comisión, para actuar validamente, requirirá a asistencia presencial ou a distancia do presidente e do secretario, e a metade, polo menos, dos seus membros.

Sétimo. Procedemento de provisión

O procedemento de provisión realizarase a través dun concurso de méritos, valorando a documentación do seguinte modo:

7.1. Relación da actividade clínica desenvolta pola persoa aspirante: *puntuación máxima 50 puntos*.

A persoa candidata deberá presentar un documento onde figure a actividade profesional relacionada co desenvolvemento de actividades clínicas de diagnóstico por imaxe.

A actividade clínica desenvolta valorarase do seguinte xeito:

- 0.2 puntos por cada mes traballado no que se desenvolva actividade clínica veterinaria como facultativo clínico veterinario nun Hospital veterinario no ámbito obxecto do posto.
- 0.05 puntos por cada mes traballado no que se desenvolva actividade clínica veterinaria como facultativo clínico veterinario en ámbitos diferentes ao do posto de traballo.
- 0.01 puntos por cada mes traballado en investigación en ciencias veterinarias.

7.2. Memoria de organización e planificación do posto de traballo: *puntuación máxima 25 puntos*.

A persoa candidata presentará unha memoria de organización e planificación do posto de traballo ao que se pretende acceder. Esta memoria deberá conter, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Análise do posto de traballo ao que se opta: encadramento organizativo, misión do posto, principais tarefas a desenvolver, medios cos que se conta.
- Medidas para a organización e planificación do servizo: obxectivos a desenvolver no posto, previsión da organización e planificación do servizo, propostas de mellora organizativa.

A extensión máxima da memoria será de 10 folios, DIN A4, escritos por unha soa cara en letra Arial punto 11 e 1,2 de espazo interliña.

Cada membro da comisión outorgará unha puntuación á memoria presentada, achándose a media aritmética das puntuacións outorgadas polos diferentes membros da comisión avaliadora.

A comisión valorará:

- A capacidade de análise na organización e planificación do servizo.

- A capacidade de organización, concreción e claridade da memoria.
- O coñecemento demostrado para o desenvolvemento do posto ofertado.
- A capacidade de interrelación das áreas funcionais que, no seu caso, se aprecie na memoria presentada.

7.3. Currículo: *puntuación máxima 25 puntos.*

Valorarase o currículo da persoa participante na súa integridade, tendo en conta:

- A formación específica relevante para o desenvolvemento do posto de traballo á que se opta (titulacións oficiais relacionadas co posto, titulacións propias relacionadas co posto, cursos específicos relacionados co posto de traballo, participación en xornadas, seminarios, congresos relacionados co posto de traballo).
- Habilidades e destrezas que posúe a persoa aspirante.
- Formación impartida
- Publicacións y comunicacións a congresos

O currículo deberá presentarse acompañado da xustificación dos méritos alegados. A extensión máxima do currículo será de 5 folios, DIN A4, escritos por unha soa cara en letra Arial punto 11 e 1,2 de espazo interliña.

Cada membro da comisión outorgará unha puntuación ao currículo da persoa aspirante, achándose a media aritmética das puntuacións outorgadas polos diferentes membros da comisión avaliadora.

Oitavo. Resolución do concurso e adxudicación do posto

A comisión avaliadora propondrá á xerencia da Fundación Rof Codina a persoa candidata con maior puntuación nas avaliacións contempladas no apartado anterior.

A comisión avaliadora poderá declarar deserta a cobertura do posto ofertado en caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos e requisitos das persoas aspirantes, mediante acordo motivado que se incluírá na correspondente acta.

Unha vez finalizada a actuación da comisión avaliadora, a persoa que actúa como secretaria da comisión avaliadora remitirá o expediente administrativo á Xerencia da Fundación, que conterá:

- As solicitudes presentadas.
- As actas das sesións da comisión avaliadora.
- A proposta da persoa seleccionada para a cobertura do posto.

A resolución final do procedemento de provisión será publicada na páxina web da Fundación Rof Codina.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En Lugo, na data da sinatura electrónica

O xerente da Fundación Rof Codina M.P.
Antonio Javier Ferreira Fernández